

SOBRE OS VERTEBRADOS DA FRAGA DE CAAVEIRO

Por

Augusto de Castro

Departamento de Zoología. Facultad de Ciencias

Santiago.

Xa temos falado dos perigos que está a pasar a chamada Fraga de Caaveiro (Castro, 1975), na cunca media do río Eume (A Coruña). Ao dito daquela compre engadir o feito de que se estean construindo, e alguns xa van rematados, varios "bungalows" nos lugares máis críticos e centricos. Isto supón un atentado máis contra da integridade da fraga, o que fai imminente unha rápida medida de protección.

Eiqui queremos espoñer unha lista dos vertebrados que levamos atopado na devandita fraga como contribución ao coñecemento faunístico da mesma e xustificado pola necesidade de información sobre da zona.

Os datos foron recollidos dendes da Alameda hasta a central da Fenosa, por ser este o territorio máis frecuentado por nos e no que está a meirande parte do caducifolio. As especies das que falamos non son todas tipicamente forestais, pois algunhas delas viven nos prados e toxeirias que hai intercalados pola fraga e tamén nas beiras dos ríos e regatos.

Aproveitamos pra engadir os nomes vernáculos da bisbarra e algún mais recollido en outras localidades de Galicia, indicando neste último caso a procedencia. As provincias van indicadas por siglas: C: A Coruña, L: Lugo, O: Ourense, P: Pontevedra.

Pasamos logo a dar a relación de especies, facendo un pequeno comentario nos grupos que nos parezan máis interesantes.

ANFIBIOS:

Esta clase zooloxica está moi ben representada, tanto na variedade coma na densidade, polas óptimas condicións que eiquí se dan pra ela.

Urodelos:

Salamandra salamandra (L.). Pintiga; Pinta (Xerma de, L); Salamanca (Lovios, O); Sacabeira (Ferreira, L). Destaca pola súa abundancia.

Chioglossa lusitanica (Bocage). Saramaganta (Armenteira, P). Alfredo Salvador (1974, pag. 65) fala da comenencia de facer reservas pra a protección desta rara especie. Pensamos que pola frecuencia con que se ve eiquí, a zona ten as condicións idoneas pra elo.

Triturus boscai (Lataste). Lagartixa de auga; Lim-pafontes (Fisterra, C).

Triturus helveticus (Razoum). Lagartixa de auga.

Triturus marmoratus (Latreille). Pintiga verde.

Anuros:

Discoglossus pictus (Oth.).

Bufo bufo (L.). Sapo.

Bufo calamita (Laurenti). Sapo.

Rana ibérica (Boulenger). Rana; Rã (Ferreira, L);
Zampexa (Caurel, L).

Rana temporaria (L.)

REPTIS:

Saurios:

Anguis fragilis (L.). Escancer; Esgonzo (Caurel,
L); Boeiro (Origueira, C).

Lacerta hispanica (Steind.). Lagartixa, Lagarta
(Caurel, L).

Lacerta muralis (Laurenti). Lagartixa; Lagarta
(Caurel, L); Largato (Ferreira, L).

Esta especie parece local nas terras baixas, fa-
cendose relativamente frequente en lugares de condiçõs
naturais moi concretas, coma as de Caaveiro.

Lacerta schreiberi (Bedriaga). Lagarto.

Chalcides chalcides (L.). Escancer; Esgonzo (Cau-
rel, L).

Ofidios:

Coronella austriaca (Laurenti). Cobra.

Natrix natrix (L.). Cobra, Cobra verde.

Vipera seoanei (Lataste). Víbora.

AVES:

Neste caso o máis interesante é coñecer as especies que aniñan, pero eiquí sómote daremos nomes das que levamos visto, sin facer mención ao xeito de presentación das especies na zona, pois non temos aínda datos abondo.

Ardeiformes:

Ardea cinerea (L.). Garza, García.

Anseriformes:

Anas platyrhynchos (L.). Parrulo.

Falconiformes:

Accipiter gentilis (L.). Azore.

A presenza desta especie é de singular interese máis as observacións son francamente escasas.

Accipiter nisus (L.). Ave-rapiña (Irixoa, C).

Buteo buteo (L.). Buxato; Miñato (Camariñas, C).

Galliformes:

Alectoris rufa (L.). Perdiz

Charadriiformes:

Tringa hypoleucos (L.). Píllara.

Scelopax rusticola (L.). Arcea (San Saturnino, C).

Columbiformes:

Columba palumbus (L.). Pombo.

Strigiformes:

Tyto alba (Scop.). Coruxa.

Athene noctua (Scop.). Moucho; Ave-laiona (Caurel, L).

Strix aluco (L.). Moucho; Coruxa.

Apodiformes:

Apus apus (L.). Vencello.

Piciformes:

Picus viridis (L.). Peto; Cabalo-rinchón (Caurel, L).

Dendrocopos major (L.).

Paseriformes:

Os paxaros atopan na fraga un refuxio incomparable, sendo os mais frecuentes o paporoibo (*Erithacus ru becula*) e mailos páridos (*Parus spp.*).

Delichón urbica (L.). Anduriña.

Motacilla alba (L.). Lavandeira do país.

Motacilla cinerea (Tunst.). Lavandeira real.

Cinclus cinclus (L.). Somorgullo (Caurel, L).

- Troglodytes troglodytes* (L.). Carrizo.
- Prunella modularis* (L.). Azulenta.
- Sylvia actricapilla* (L.). Curruca.
- Phylloscopus* spp. (Boie). Papuxas.
- Regulus ignicapillus* (Temm.). Pica-follas.
- Erithacus rubecula* (L.). Peizoque, Paporroibo (Cape-la, C).
- Turdus merula* (L.). Merlo, Cochorna (Monforte, L).
- Turdus philomelos* (Brahm). Tordo.
- Turdus viscivorus* (L.). Tordo.
- Aegialos caudatus* (L.)
- Parus cristatus* (Brehm). Milixendra.
- Parus caeruleus* (L.). Milixendra.
- Parus major* (L.). Milixendra.
- Parus ater* (L.). Milixendra.
- Emberiza cia* (L.). Trigueiro (Somozas, C).
- Fringilla coelebs* (L.). Trigal; Pimpín (Xermade, L); Maceirudo (Sada, C).
- Pyrhula pyrrhula* (L.). Chinca (Caurel, L.); Cardenal (A Estrada, P).
- Garrulus glandarius* (L.). Pega rebuldá; Pega rebordá (Xermade, L); Gaio (Lovios, O).
- Corvus corone* (L.). Corvo.

Corvus corax (L.). Corvo.

MAMIFEROS:

O coñecemento da fauna de micromamíferos fíxose por análises de egagrópilas de curuxa e mediante trape_las.

Insectívoros:

Especies interesantes cara a súa protección, en xeral vencelladas aos lugares húmedos, tamén abundan na fraga.

Erinaceus europaeus (L.). Ourizo cacho.

Sorex minutus (L.). Furón, Corta.

Sorex araneus (L.). Furón, Corta.

Neomys anomalus (Cabrerá).

Crocidura russula (Hermann). Furón, Corta.

Crocidura suaveolens (Pallas). Furón, Corta.

Talpa caeca (Savi). Teupa; Toupa (Boiro, C); Toupeira (Lovios, O).

Morcegos:

A recollida de datos sobre deste grupo no se fai doada nas fragas, por iso sómente coñecemos a presenza de tres especies, aínda que é probable que haxa máis.

Rhinolophus ferrum-equinum (Schreber). Morcego.

Myotis myotis (Bork.). Morcego; Moricego (Caurel, L); Monicego (Caurel, L).

Pipistrellus pipistrellus (Schreber). Morcego.

Duplicidentados:

Oryctolagus cuniculus (L.). Conexo; Coello (Peares, O).

Rilladores:

Eliomys quercinus (L.).

Glis glis (L.). Rilón (Caurel, L.).

A su presencia, apuntada por Seoane (1861), non foi ainda comprobada a pesares da nosa preocupación por confirmar este dato.

Arvicola sapidus (Millec). Luria (Courel, L.); Augadana (Mañón, C); Rata amisqueira (Lovios, O).

Pitymys mariaae (Major). Ratiño pataqueiro; Trilladeira (Caurel, L.).

Microtus agrestis (L.).

Apodemus sylvaticus (L.). Rato do monte.

Rattus rattus (L.). Lirio (Xermade, L.).

Mus musculus (L.). Rato da casa.

Carnívoros:

Pra este grupo baseamonos nas informacións dos gar das e trampeiros da zona, ademais das nosas observacións.

Vulpes vulpes (L.). Raposa; Golpe (Ortigueira, C).

Meles meles (L.). Porco-teixo; Teixugo (Boiro, C).

Mustela eminea (L.). Donicela (San Saturnino, C).
Erminio (Ferreira, L.).

Según informació dos gardas tense observado esta especie na Alameda.

Mustela nivalis (L.). Deluciña, Donicela (Caurel, L), Doniña (Lovios, O), Dona das paredes (Invernadeiro, O).

Putorius putorius (L.). Turón; Furón (Monfero).

Lutra lutra (L.). Londra; Londre (Mañón, C); Lontra (Lovios, O).

Parece atopar no Río Eume boas condicións naturais, xa que se ve con frecuencia.

Martes martes (L.). Marta.

Cazouse unha no ano 1973 e parece que ainda se observa. A súa presenza débese ter moi en conta, pois eiquí é un dos poucos sitios da provincia onde ainda ha-bita.

Martes foina (Erzleben). Garduña (Caurel, L).

Hai moitos anos que no se sabe dela, pero noutro tempo cazábase.

Genetta genetta (L.). Xeneta (Monfero, C); Algaría (Lovios, O); Gato algarío (Caurel, L), Marta (Boiro, C). Pódese decir que é o carnívoro millor representado.

Felix silvestris (Schreber). Gato bravo (Lovios, O).

Cazouse un exemplar o pasado ano 1.975. Outra especie protexida en vías de regresión que está presente na fraga.

Suidos:

Sus scrofa (L.). Porco bravo; Xavarín (Caurel, L.).

Houbo moito hai anos, hoxe non queda. Orgaizábanse batidas contra el.

Cérvidos:

Capreolus capreolus (L.). Corzo; Corza (Invernadeiro, O).

Antes abundaba, hoxe casi que desapareceu. Pode que os que aínda se ven esporadicamente veñan da preta montaña de Lugo.

Pra rematar queremos facer mención unha vez máis da prioridade que esta zona ten na provincia, non só como reserva forestal senón tamén como refuxio ideal para unha chea de especies protexidas e en regresión, ademais do seu interés científico e paisaxístico.

Resume:

Dase unha lista de especies de vertebrados terrestres atopados na Fraga de Caaveiro (Pontedeume-A Cruña), sumando un total de: Anfibios 10, Reptís 8, Aves 39, Mamíferos 30 (algunha xa desaparecida). Fânse pequenos comentarios nas de máis interés. Engádense tamen algúns nomes do país, dándosele preferencia aos da bisbarra eumesa.

Resumen:

Se da una lista de especies de vertebrados terrestres encontrados en el bosque de Caaveiro (Pontedeume, La Coruña), sumando un total de: Anfibios 10, Reptiles 8, Aves 39 y Mamíferos 30 (alguna ya desaparecida). Se hacen pequeños comentarios de las de más interés. Se añaden también algunos nombres vernáculos, dándose preferencia a los de la comarca eumesa.

Summary:

A terrestrial vertebrates species list of Caaveiro forest (Pontedeume - La Coruña) is compiled, adding up to: Amphibians 10, Reptiles 8, Birds 39 and Mammals 30 (some of them extinct). Little remarks of the more interesting are made. Adding also vernacular names, with preferential treatment for that of the Eume area.

BIBLIOGRAFIA

- Castro, A. de (1975).- *A necesidade de protexer a fraga de Caaveiro*. BUBELA, Boletín do Grupo Ornitolóxico Galego, n° 1, marzo 1.975.
- López Seoane, Víctor (1861).- *Fauna mastolóxica de Galicia*. Imprenta Manuel Mirás. Santiago, 1861.
- Salvador, Alfredo (1974).- *Guía de anfibios y reptiles españoles*. ICONA. Madrid, 1974.